



Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

ANUNCIO

Resolución de Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 pola que se abre un novo prazo para cubrir as prazas vacantes da primeira quenda de xullo de 2023 da Escola de verán de Mondariz Balneario.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Publicada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as na Escola de verán de Mondariz Balneario 2023, e quedando 6 prazas vacantes para a 1ª quenda do mes de xullo de 2023, esta Alcaldía adopta a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Abrir un novo prazo para cubrir as prazas vacantes da 1ª quenda de xullo de 2023 (do 3 ao 14 de xullo 2023) da Escola de verán de Mondariz Balneario cos mesmos criterios das Bases aprobadas no DECRETO Número: 2023-0266 de data 11/05/2023.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o 21 ata o 23 de xuño de 2023 (ambos incluídos).

Segundo.- Publicar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as o 26 de xuño de 2023 no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

As persoas aspirantes excluídas ou omitidas nas ditas relacións disporán dun prazo dun (1) día hábil, o día 27 de xuño de 2023, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/15. Se no dito prazo non se emendan os defectos serán definitivamente excluídas da lista.

Terceiro.- Publicar a lista definitiva de admitidos/as o 28 de xuño de 2023 no taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web municipal (www.mondarizbalneario.es).

Cuarto.- Mandar proceder ao cobro mediante domiciliación bancaria do prezo público pola prestación do servizo de campamentos urbanos da ordenanza aprobada no Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 20 de febreiro de 2020.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

